



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Ministerio de Economía e Competitividade veñen de asinar un **convenio de colaboración para apoiar a Compra Pública Innovadora (CPI) de tecnoloxía no ámbito dos vehículos non tripulados**. O importe deste convenio ascende a **24 millóns de euros**, dos que **19,2 millóns proveñen de fondos europeos xestionados polo Ministerio** e **4,8 millóns serán aportados pola Xunta**. Este investimento, sumado aos 10 millóns investidos na posta en marcha do Centro de Investigación Aerotransportada (CIAR) e os 115 millóns para a creación dun polo tecnolóxico-industrial de avións non tripulados xunto a Indra e Inaer, fan un total de **150 millóns de euros**.

A través deste acordo búscase acadar **solucións tecnolóxicas innovadoras baseadas en vehículos non tripulados** que den resposta ás necesidades identificadas polos distintos departamentos da Xunta de Galicia. Algúns dos servizos, cuxa prestación se pretende mellorar con esta tecnoloxía, son, por exemplo: a **prevención e control de incendios**, o **control do medio mariño**, a **vixilancia costeira**, a **xestión de emerxencias**, a **xestión do territorio**, a **xestión de fluxos turísticos** ou a **xestión do patrimonio**.

Esta fase da iniciativa xa arrincou o pasado mes de setembro co **lanzamento dun proceso de consultas preliminares ao mercado**, que segue aberto e ao que se presentaron polo momento máis de **100 propostas**. Estas propostas, unha vez revisadas e valoradas polos distintos departamentos da Xunta de Galicia competentes, elaboraranse unhas **fichas de avance** para concretar máis as súas necesidades. Na no mes de setembro está previsto celebrar un **workshop** que servirá para presentar ao mercado ditas

fichas para que as empresas coñezan de xeito máis preciso as necesidades da Xunta en relación ás distintas tecnoloxías propostas e, finalmente, lanzar as primeiras licitacións do proceso antes de que remate o ano.

Podes obter máis información sobre a iniciativa a través da web da **Civil UAVs Initiative**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até setembro!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.